

ACTA NÚMERO: 1/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 12 de xaneiro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Manuel Carrami Silva, Técnico de Administración Xeral en substitución do Secretario Xeral da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Dar conta da oferta presentada pola empresa INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022068216).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa DIARIO DE PRENSA DIGITAL, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022067348).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metrala (Concello de Tui)". (Expte.- 2022055300).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da prestación do servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa nos mesmos na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022053659).*
5. *Proposta de adxudicación do contrato específico SDA IMPRESION (categoría I): Impresión do libro "365 días 365 mulleres". (Expte.- 2022065384).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022066925).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022066925).*
8. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). (Expte.- 2022066946).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). (Expte.- 2022066946).*



10. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao Ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).*
11. *Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao Ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Dar conta da oferta presentada pola empresa INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022068216).

Por Resolución Presidencial número 2022009494 de data 30 de decembro de 2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU (B27755412) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 02/01/2023.

A empresa INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU (B27755412) presentou a proposición con data 02/01/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	26.446,28 €
--------------------------	-------------



Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SLU (B27755412) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa DIARIO DE PRENSA DIGITAL, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023. (Expte.- 2022067348).

Por Resolución Presidencial número 2022008816 de data 12/01/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa DIARIO DE PRENSA DIGITAL, S.L. (B86509254) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 13/12/2022.

A empresa DIARIO DE PRENSA DIGITAL, S.L. (B86509254) presentou a proposición con data 23/12/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	19.157,00 €
--------------------------	-------------

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa DIARIO DE PRENSA DIGITAL, S.L. (B86509254) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)". (Expte.- 2022055300).



O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2022008385 de data 23/11/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obra “Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)”, cun orzamento base de licitación de 51.810,88 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23/11/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 22/12/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.
- EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.
- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	41.962,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	41.919,71 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	38.755,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	40.378,23 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	42.386,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	41.962,53 €	3%	36 MESES	NO	NO
EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.	41.306,64 €	3%	36 MESES	SI	SI
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	39.568,60 €	2%	30 MESES	NO	NO
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	40.881,70 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas NAROM, S.L. e BRAIO MULTISERVICIOS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforo económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que NAROM, S.L. presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.



BRAIO MULTISERVICIOS, S.L., presentou a xustificación en prazo, dando traslado da mesma ó Servizo de Cooperación para que dende os seus servizos técnicos emitira o informe preceptivo.

Con data 11/01/2022 emitiu informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais recollendo que BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.U non xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada e polo tanto non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE UNICO
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	9,04	10,00	10,00	5,00	34,04
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	9,49	10,00	10,00	5,00	34,49
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,89	10,00	10,00	5,00	48,89
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,56	10,00	10,00	5,00	29,56
ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	9,04	10,00	10,00	0,00	29,04
EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.	15,58	10,00	10,00	5,00	40,58
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	19,38	10,00	10,00	5,00	44,38

A Mesa de Contratación acorda:



1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas NAROM, S.L. e BRAIO MULTISERVICIOS, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui) que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	48,89
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	44,38
3	EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L.	40,58
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	34,49
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	34,04
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	29,56
7	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	29,04

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla (Concello de Tui)" á CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado40.378,23 €
 IVE (21%)8.479,43 €
 Importe Total 48.857,66 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A. figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.018,91 €

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da prestación do servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa nos mesmos na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022053659).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 7/10/2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, de asistencia técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE con data 7/10/2022, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/10/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 10/11/2022 de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e do sobre B documentación



avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- BONA FIDE LEMA S.L. (B-94.119.773)
- NOROESTE LOCAL S.L. (B-36.555.027)

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 10/11/2022 acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao ORAL, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores do ORAL, en data 13/12/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

EMPRESAS	SOBRE B
BONA FIDE LEMA S.L.	14
NOROESTE LOCAL S.L.	36

A Mesa de contratación na reunión do día 15/12/2022 en base ao citado informe acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas, quedando excluída a empresa Bona Fide Lema S.L. por non alcanzar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima nos criterios de valoración mediante xuízos de valor (20 puntos), exisida para continuar no procedemento.

A proposta presentada pola empresa NOROESTE LOCAL S.L., no sobre C, é a seguinte:

- Prezo ofertado para a para a colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais delegada na Deputación de Pontevedra durante dous anos de contrato:

Importe sen o IVE:	249.934,48 €
IVE (21 %):	52.486,24 €
Importe total ofertado:	302.420,72 €



- Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 5 anos a maiores.
- Prazo de garantía ofertado superior ao mínimo esixido nos pregos (1 ano): 10 meses a maiores

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a puntuación total acadada polas empresas no sobre B máis o sobre C, é a seguinte:

Empresa	Puntuación prezo ofertado	Puntuación experiencia coordinador/a superior a mínima	Puntuación prazo garantía superior ao mínimo	Puntuación total Sobre C
Noroeste Local S.L.	21,182	5,00	5,00	31,182

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación do servizo.

Clasificación		Sobre B	Sobre C	TOTAL
1ª	Noroeste Local S.L.	36	31,182	67,182

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da prestación do servizo de colaboración técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa nos mesmos na Deputación de Pontevedra, á empresa NOROESTE LOCAL S.L. (B-36.555.027) de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado durante dous anos de contrato de:

Importe sen o IVE:	249.934,48 €
IVE (21 %):	52.486,24 €
Importe total ofertado:	302.420,72 €

5. **Proposta de adxudicación do contrato específico SDA IMPRESION (categoría I): Impresión do libro "365 días 365 mulleres". (Expte.-2022065384).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2022008533 de 28/11/2022 convidouse ás empresas admitidas na categoría I do sistema sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros, GRAFICAS EUJOA, S.A., MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L., TAKTIKA COMUNICACION S.L., PRODUCCIONES MIC S.L. e Artes Gráficas Jadfel, S.L., a presentar oferta, no prazo máximo de 10 días naturais contados a partir da data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra, na licitación do contrato específico para a Impresión do libro "365 días 365 mulleres".

A invitación foi realizada en data 28 de novembro de 2022 e, rematado o prazo para presentación de ofertas para a adxudicación do citado contrato específico, o día 13 de decembro de 2022 procedeuse á apertura electrónica da documentación presentada no sobre único correspondente os criterios de valoración automática.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe estes procedemento, a oferta económica da empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require para que no prazo máximo de CINCO DÍAS HÁBILES desde o envío desta comunicación xustifique dita oferta, e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación do contrato.

Achegada a documentación requirida, a Xefa de Sección de Xestión Cultural do Servizo de Cultura, mediante informe de data 30 de decembro de 2022 (HB7RTWEIYFKAZR3L), considera que a xustificación presentada pola empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) explica satisfactoriamente a súa oferta económica, e que por tanto o contrato pode ser cumprido a satisfacción da administración.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre único de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	PUNTUACIÓN
PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871)	100,000
GRAFICAS EUJOA, S.A. (CIF: A33032780)	86,731
Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)	68,404



MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469)	66,319
TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF: B36852846)	44,384

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación que proceda á adxudicación do contrato específico “Impresión do libro “365 días 365 mulleres” á empresa PRODUCCIONES MIC S.L. (NIF: B24301871) de acordo co seguinte detalle:

Importe sen o IVE:	6.950,00 €
IVE (21 %):	278,00 €
Importe total ofertado:	7.228,00 €

6. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022066925).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 09 de decembro de 2022, aparecendo publicado o día 14 de decembro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 241-695737), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de decembro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- COFOCYL, S.L. (NIF: B47432794), ó lote 3.

7. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022066925).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 12 de xaneiro de 2023 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”, sendo as empresas admitidas nos diferentes lotes as seguintes:

Lote 1	– Non se presenta ningunha oferta
Lote 2	– Non se presenta ningunha oferta
Lote 3	– COFOCYL, S.L. (NIF: B47432794)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios avaliables automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

COFOCYL, S.L. (NIF: B47432794)

Lote 3:

Importe sen o IVE:	117,00 €
IVE (10 %):	11,70 €
Importe total ofertado:	128,70 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de



efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). (Expte.- 2022066946).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 29/12/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- Techfriendly SL (CIF B-95.886.206)
- UTE Pons Seguridade vial SL (CIF B-28505592)-CPS Infraestructuras, movilidad y medio ambiente SL (CIF B-97500433).
- Estrategia y Organización SA (EOSA) CIF A-36.196.418
- UTE NTT Data Europe & Latam Green Engineering SLU (CIF B-85746089) – NTT Data Spain SLU (CIF B-82.387.770)

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” , correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor, que presentaron as empresas admitidas, a técnica Natalia Abalo Araujo ao obxecto de que, avalíe e pondere as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



Con data 09/01/2023 a Técnica Natalia Abalo Araujo emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con CSV (DZ1F8R7Z4PO05OI3) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Criterios de Valoración	Puntuación máxima	Empresas Licitadoras			
		UTE - PONS SEGURIDAD VIAL, S.L. E CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	TECHFRIENDLY S.L.	UTE - NTT DATA EUROPE & LATAM GREEN ENGINEERING, S.L.U. E NTT DATA SPAIN, S.L.U.
Metodoloxía de outros instrumentos ou fórmulas de participación	10 puntos	0,50	9,50	4,50	6,00
Metodoloxía das mesas de traballo para a validación do diagnóstico	8 puntos	1,00	6,50	1,00	5,00
Metodoloxía das mesas de traballo para a validación do alcance	8 puntos	0,75	7,50	0,50	5,50
Marco estratéxico	7 puntos	0,00	7,00	3,00	4,00
Metodoloxía para a realización de enquisas on-line	6 puntos	3,00	6,00	4,00	1,00
Metodoloxía de participación cidadá	5 puntos	1,00	4,00	1,00	3,00
Plan de acción	4 puntos	2,50	3,50	3,00	3,50
TOTAL		8,75	44,00	17,00	28,00

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030).
2. Que non se proceda á apertura do sobre "B", correspondente a documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas UTE - PONS SEGURIDAD VIAL, S.L. E CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L e TECHFRIENDLY S.L. ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (24,00 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.



9. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). (Expte.- 2022066946).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto sendo estas as seguintes:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
UTE - PONS SEGURIDAD VIAL, S.L. E CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L	8,75 Puntos.
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.	44,00 Puntos.
TECHFRIENDLY S.L.	17,00 Puntos.
UTE - NTT DATA EUROPE & LATAM GREEN ENGINEERING, S.L.U. E NTT DATA SPAIN, S.L.U.	28,00 Puntos.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (24,00 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

Empresa: ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA (EOSA)

- Prezo total ofertado

Importe ofertado (sen IVE)	90.030,85 €
IVE (.21 %):	180906,48 €
Importe ofertado (ive incluído)	108.937,33 €

- Experiencia da persoa directora do Plan superior a mínima establecida nos pregos.



	Nº Traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (o mínimo esixido é de 2 traballos nos últimos 10 anos) que a persoa directora do proxecto proposta pola empresa acredite ter dirixido.	83

- Experiencia da persoa consultora senior superior a mínima establecida nos pregos.

	Nº traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (o mínimo esixido é de 2 traballos nos últimos 10 anos) nos que a persoa consultora senior proposta pola empresa acredite ter participado.	64

- Experiencia da persoa consultora superior a mínima establecida nos pregos.

	Nº traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (ningún traballo no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial nos últimos 10 anos) no que a persoa proposta acredite ter participado	57

- Idiomas de presentación do Plan.

Idiomas	
Ningún	
Castelán	x

Empresa : UTE NTT Data Europe & Latam Green Engineering SLU (CIF B-85746089) – NTT Data Spain SLU (CIF B-82.387.770)

- Prezo total ofertado

Importe ofertado (sen IVE)	78.026,73 €
IVE (.21 %):	16.385,61 €
Importe ofertado (ive incluído)	94.412,34 €



- Experiencia da persoa directora do Plan superior a mínima establecida nos pregos.

	Nº traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (o mínimo esixido é de 2 traballos nos últimos 10 anos) que a persoa directora do proxecto proposta pola empresa acredite ter dirixido.	29

- Experiencia da persoa consultora senior superior a mínima establecida nos pregos.

	Nº traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (o mínimo esixido é de 2 traballos nos últimos 10 anos) nos que a persoa consultora senior proposta pola empresa acredite ter participado.	18

- Experiencia da persoa consultora superior a mínima establecida nos pregos.

	Nº traballos
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato realizados para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial superiores ao mínimo esixido (ningún traballo no ámbito do desenvolvemento urbano sostible e/ou planificación estratéxica territorial nos últimos 10 anos) no que a persoa proposta acredite ter participado	18

5.- Idiomas de presentación do Plan.

Idiomas	
Ningún	
Castelán	x

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.



10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao Ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.-2022044467).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 2 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generación EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 22/12/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- UTE Cinfo contenidos informativos personalizados SL-Rent a Brain Consultores Sector Público SLU (Lotes 1 e 2)
- NUEVAS VENTAJAS, S.L. (C.I.F. B98120298) (Lotes 1 e 2)
- TECHFRIENDLY S.L. (CIF B95886206) (Lotes 1 e 2)
- AUREN CONSULTORES SP SLP (CIF B-87.352.340) (Lotes 1 e 2)



Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Turismo Rías Baixas ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas emitiu informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor con CSV (X4KSGUFAVK30NDR5) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Lote 1

Empresas	Planificación e seguemento (Max 18 puntos)	Avaliación e xestión de riscos (Max 17 puntos)	Plan de comunicación (Max 14 puntos)	Total sobre B (Max 49 puntos)
Auren Consultores SP SLP	11	10	9	30
Nuevas ventajas SL	2	0	3	5
Tech Friendly SL	6	10	7	23
UTE Rentabraing & Cinfo	16	17	14	47

Lote 2

Empresas	Planificación e seguemento (Max 18 puntos)	Avaliación e xestión de riscos (Max 17 puntos)	Plan de comunicación (Max 14 puntos)	Total sobre B (Max 49 puntos)
Auren Consultores SP SLP	11	10	9	30
Nuevas ventajas SL	1	0	3	4
Tech Friendly SL	6	10	7	23
UTE Rentabraing & Cinfo	16	17	14	47

A Mesa de Contratación en base ó informe da Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generación EU.



2. Que non se proceda á apertura do sobre “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas Nuevas Ventajas SL e Tech Friendly SL ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (24,50 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

11. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao Ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU. (Expte.- 2022044467).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto sendo estas as seguintes:

Lote 1

Empresas	Total sobre B
Auren Consultores SP SLP	30
Nuevas ventajas SL	5
Tech Friendly SL	23
UTE Rentabraing & Cinfo	47

Lote 2

Empresas	Total sobre B
Auren Consultores SP SLP	30
Nuevas ventajas SL	4
Tech Friendly SL	23
UTE Rentabraing & Cinfo	47

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da



documentación presentada no sobre “C” das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (24,50 puntos).

Procédese polo tanto a apertura das ofertas presentadas polas empresas Auren Consultores SP SLP e a da UTE Cinfo Contenidos informativos personalizados SL - Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU .

O valores ofertados foron os seguintes:

- Empresa: UTE Cinfo Contenidos informativos personalizados SL -Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU

1.- Prezo total ofertado:

Lote	Importe máximo (sen iva)	Importe ofertado (sen iva)
Lote nº1.-PSTD Condado -Paradanta	50.000,00 €	44.000,00 €
Lote nº2.-PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes	75.000,00 €	66.000,00 €

2.-Experiencia da persoa directora do proxecto.

Número de Plans de sustentabilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como director/a a persoa proposta.	1
--	---

3.-Experiencia da persoa consultora senior do proxecto

Número de Plans de sustentabilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como consultor/a senior a persoa proposta.	1
--	---

4.-Experiencia da persoa consultora técnica do proxecto.

Número de Plans de sustentabilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como consultor/a técnica a persoa proposta.	1
---	---

Empresa: Auren Consultores SP SLP.

1.- Prezo total ofertado:

Lote	Importe máximo (sen iva)	Importe ofertado (sen iva)
Lote nº1.-PSTD Condado -Paradanta	50.000,00 €	45.000,00 €
Lote nº2.-PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes	75.000,00 €	68.000,00 €

2.-Experiencia da persoa directora do proxecto.



Número de Plans de sostenibilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como director/a a persoa proposta.	15
---	----

3.-Experiencia da persoa consultora senior do proxecto

Número de Plans de sostenibilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como consultor/a senior a persoa proposta.	15
---	----

4.-Experiencia da persoa consultora técnica do proxecto.

Número de Plans de sostenibilidade turística en destino que acredite ter redactado ou traballado como consultor/a técnica a persoa proposta.	15
--	----

De conformidade co previsto no prego de cláusulas económico -administrativas

“No caso de ofertar os criterios relativos a experiencia do persoal proposto achegarase a seguinte documentación:

-Curriculum vitae.

-Titulación académica ou estudos segundo perfil.

-Contratos ou certificados de servizos prestados no caso de persoal que traballase directamente coa administración pública ou no caso de persoal que traballase con empresas privadas contratadas pola administración, declaración responsable emitida polo responsable legal de dita empresa e certificación da administración na que conste nominativamente a persoa proposta como redactor/a ou traballador/a dun PSTD.

Nota importante: So será obxecto de valoración a experiencia que se acredite mediante a achega da documentación indicada. “

A vista do exposto pola Mesa de Contratación procédese a comprobar a achega da documentación acreditativa da experiencia a maiores do persoal proposto ofertado por cada unha das empresas:

A empresa UTE Cinfo Contenidos informativos personalizados SL -Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU achega a citada documentación acreditativa dos traballos a maiores do persoal proposto ofertado pola empresa de conformidade co esixido no prego de cláusulas económico-administrativas. (1 traballo a maiores para cada unha das persoas propostas).

A empresa Auren Consultores SP SLP non achega as correspondentes certificacións da administración na que consten nominativamente as persoas propostas como redactor/a ou traballador/a dun PSTD que acrediten os traballos realizados a maiores polo persoal proposto ofertados pola empresa.(15 traballos a maiores para cada unha das persoas propostas).

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de



efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

